

**01/2024.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2024 (ADIADA DO DÍA 10 DE XANEIRO DE 2024)**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 17 de decembro de 2024, ás nove horas e corenta minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTE:**

Valentín González Formoso, abandona o salón de Plenos ás 11:00 horas

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución nº 74/2024, do 17 de xaneiro)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Ana Mª Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

Diego Balsa Bellas

Mª del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

Carmela Franco Caaveiro

**SECRETARIA:**

Marina Núñez Orjales

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- APROBAR AS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 08/11/2023 (ORDINARIA); 21/11/2023 (EXTRAORDINARIA URXENTE); 22/12/2023 (EXTRAORDINARIA) E 22/12/2023 (EXTRAORDINARIA URXENTE)**

O presidente da sesión dá conta das seguintes actas para a súa aprobación, de conformidade co previsto no artigo 91.1 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 30 do Regulamento orgánico do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- 08/11/2023 (ordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

- 21/11/2023 (extraordinaria urgente): aprobase con dez votos a favor e as abstencións de Valentín González Formoso, Diego Balsa Bellas e Fernando Vilaboy Ledo que non asistiran á sesión.
- 22/12/2023 (extraordinaria) aprobase con once votos a favor e as abstencións de Valentín González Formoso e Carmela Franco Caaveiro non asistiran á sesión.
- 22/12/2023 (extraordinaria urgente), aprobase con oito votos a favor e as abstencións de Valentín González Formoso, Carmela Franco Caaveiro, Francisco da Silva Vello, María Jesús Romero Franco e Diego Balsa Bellas que non asistiran á sesión

**2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DOS MESES DE NOVIEMBRE E DICIEMBRE DE 2023. EN PARTICULAR, DOS DECRETOS Nº 2376/2023, DO 08 DE NOVIEMBRE; 2430/2023, DO 10 DE NOVIEMBRE; 2525/2023, DO 21 DE NOVIEMBRE; 2535/2023, DO 22 DE NOVIEMBRE; 2579/2023, DO 23 DE NOVIEMBRE; 2621/2023, DO 29 DE NOVIEMBRE; 2671/2023, DO 05 DE DICIEMBRE; 2712/2023, DO 13 DE DICIEMBRE; 2867/2023, DO 22 DE DICIEMBRE; 2916/2023, DO 27 DE DICIEMBRE E 2957/2023 DO 29 DE DICIEMBRE.**

O presidente, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, deu conta dos decretos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2023.

En particular, dáse conta dos decretos nº 2376/2023, do 08 de novembro; 2430/2023, do 10 de novembro; 2525/2023, do 21 de novembro; 2535/2023, do 22 de novembro; 2579/2023, do 23 de novembro; 2621/2023, do 29 de novembro; 2671/2023, do 05 de decembro; 2712/2023, do 13 de decembro; 2867/2023, do 22 de decembro; 2916/2023, do 27 de decembro e 2957/2023 do 29 de decembro, de substitución nas funcións da Alcaldía.

**3.- RESOLVER O EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN RESPECTO DO CAMIÑO CON REFERENCIA CATASTRAL 15071A041090070000YF**

O presidente da conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 05/01/2024.

O concelleiro de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, explica o contido do expediente con referencia número 2022/X999/001226.

Neste expediente constan os seguintes antecedentes de feito:

- O día 29/03/2022 (RE núm. 202200000001397), MCBR presenta un escrito no rexistro municipal no que solicita a inclusión do camiño situado na parcela 9007, polígono 41, no inventario do ano 1995 e o recoñecemento do camiño como de dominio público. Na instancia alega os motivos polos que debe ser incorporado ao patrimonio municipal e xunta escrito que asinan diversas persoas, como titulares de terreos situados no lugar da Mourela, como usuarias e testemuñas do uso do camiño; destas dise que desde tempos inmemoriais é de uso polos nosos veciños para comunicar os diferentes núcleos da vila (vía inicial de comunicación entre o


lugar da Casanova co lugar da Mourela e de Badón, por onde subía a máquina de mallar dende a Casanova para Badón, habendo incluso veciños que lembran e atestiguan que polo dito camiño os veciños ían a Momán). Aporta a ficha catastral do inmovible con referencia catastral número 15071A041090070000YF e da parcela 15071A04100128; un artigo da base de datos Es Publico; diversos recortes de escrituras nos que se identifica a bolígrafo a parcela e o polígono.

Esta persoa presentara, con anterioridade, diversas instancias no concello:

- 16/04/2019, solicita limpeza camiño, intransitable dende que non o limpan os forestais.
- 07/07/2020, solicita limpeza camiño.
- 08/07/2010, solicita limpeza camiño.
- 09/09/2020 (202099900002327), aporta certificación catastral de la finca 15071A041001280000YH “que se me solicita donde aparecen colindantes y su relación con el camino que solicito que constituye su servidumbre habitual desde hace años y es la única que tiene para acceder a la misma”.
- 13/09/2020 (202099900002350), presenta documentación relativa a escrituras de parcelas colindantes co camiño e fichas catastrais de algunas parcelas.
- 15/09/2021 (202199900003110), solicita un *certificado de este Concello me indiquen si el Concello es el titular de dicho camino, siendo por tanto público, o por el contrario no lo es y su mantenimiento entiendo que es responsabilidad de los propietarios. El camino aparece reflejado en el catastro como Parcela 9007 en el Polígono 41 del Concello de As Pontes.*
- 15/09/2021 (202199900003111), *Acondicionamiento del camino rural de As Pontes, que aparece en catastro público como parcela 9007 en polígono 41 y el camino parcela 9006 en polígono 42 (totalmente deteriorado por el paso de grandes tractores y que dificulta el tránsito de un vehículo normal) y que sirve de acceso a montes y de cuyo mantenimiento ha venido haciéndose cargo el Concello.*
- 08/11/2021 (RE núm. 202199900003746), *solicitando Acondicionamiento de dicho camino que en este momento está intransitable no permitiendo a los vecinos acceder a nuestras fincas.*
- Mediante decreto 1660/2022, do 01 de decembro, do concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura, acordouse incoar o expediente de investigación da titularidade do seguinte ben: camiño situado no polígono 41, parcela 9007, coa referencia catastral 15071A041090070000YF. O camiño está situado no lugar da Mourela.
- Tamén se lle require a MCBR que durante a tramitación do expediente aporte os textos completos das escrituras/contratos nas que basea a súa solicitude; o día 22/12/2022 (RE núm. 202200000005411) a interesada presenta parte dunha escritura (follas 415846888 a 415846888, nas que destaca a finca Herbal, que linda ao leste con camiño; a finca Prado de Coca, que non lindaría co camiño do que se solicita o recoñecemento como público, senón que é unha finca enclavada noutras); unha páxina dun documento para liquidar o imposto de sucesións, relativo a diversos bens na Mourela (refírese ao prado Xestal, que sería de propiedade de JAGG que linda ao norte con camiño) e cercanías; unha páxina dun documento

notarial no que destácase o Herbal da Mourela, que di linda ao oeste con camiño público, que se identificaría coa parcela 122 do polígono 41, de titularidade de RCC, cuxa certificación catastral descriptiva e gráfica aporta; presenta tamén un recorte dun documento do sitio chamado “Mourela” que correspondería coa referencia catastral 15071A041012690000YP, que linda ao sur e este con camiño sen asfaltar, coa súa ficha catastral. Ademais, xunta un informe de identificación das fincas respecto do camiño na Mourela que asina o enxeñeiro técnico agrícola ARR; deste informe derívase que a parcela Prado de Oca correspondería coa parcela catastral 123 do polígono 41; a parcela Herbal, corresponderíase coa parcela catastral 105 do polígono 41; a parcela Mourela corresponderíase coa referencia catastral 15071A041012690000XP (a referencia correcta é YP); a parcela Mourela ou Herbal da Mourela correspondería coa parcela con referencia catastral 122 do polígono 41 (15071A041001220000YI); a parcela Mourela correspondería a parcela catastral 1265 do polígono 41; a parcela Xestal identificaríase coa referencia catastral 1270 do polígono 41.

- O inicio do expediente de investigación comunicouse á Xunta de Galicia e á Subdelegación do Goberno. A administración do Estado responde o día 15/12/2022 (RE núm.202290000001881) que *“una vez contrastada la información catastral y revisado el Inventario de Bienes y Derechos del Estado CIBI, no se considera necesario formular alegación alguna al respecto”*. A Xunta de Galicia comunicou en data 21/12/2022 (RE núm. 202290000001913), que *“a Comunidade Autónoma de Galicia non posúe bens no seu patrimonio que se poidan ver afectados polos posibles pronunciamentos que se adopten por esa Administración no curso do referido procedemento, respecto do que non procede adoptar pronunciamento de ningunha índole”*.
- O anuncio de información pública publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 240 do 21/12/2022 para que durante o prazo dun mes as persoas interesadas puideran presentar alegacións. O plano catastral do camiño é o seguinte:



- Durante este período, presentáronse catro alegacións. En data 29/12/2022 (RE núm. 202200000005460), por parte de RCC; e en data 13/01/2023, por parte de JGG (RE

núm. 20230000000226); JAGG (RE núm. 20230000000227); e JLGC, (RE núm. 20230000000232). Destas alegacións derívase o seguinte:

- RCC, aporta unha certificación catastral da parcela con referencia catastral 15071A041001220000YI onde consta a súa titularidade; tamén aporta extracto de escritura de data 25/09/2000, na que consta unha finca denominada “Herbal da Mourela”, que correspondería coa citada referencia catastral, na que figura que linda, ao oeste, con camiño público; diante deste feito estima que o camiño debe considerarse de titularidade pública; reitera que o camiño utilizábase no seu día polos veciños do pobo para comunicar o lugar da Casanova co lugar da Mourela e de Badón, e que hai veciños que poden atestiguar que por dito camiño os veciños ían a Momán, por onde entón circulaban os carros.
- JGG, expón que é titular da parcela con referencia catastral 15071A041012670000YG; presenta escritura de data 26/04/2018 da que derivase que o prado denominado Mourela linda, polo leste, con camiño e no oeste coa estrada de Momán. Di que “o camiño situado no polígono 41, parcela 9007, no concello das Pontes, coa referencia catastral 15071A041012670000YG, é coñecido polos veciños do lugar como “Corredoira da Casanova”; engade que “é un camiño de terra constituído sobre o terreo cedido por parte dos veciños das fincas colindantes; discurre entre muros de pedra antigos onde existen zonas no cal o seu ancho escasamente sobrepasa os dous metros, acorde co feito para o cal foi concibido, o paso a pe e con carro. Por tanto, é un camiño de titularidade común dos veciños da Mourela, os cales teñen dereito a usar, desfrutar e posuír en común a efecto de paso e servizo as fincas”. Considera que o camiño non sirve de comunicación entre puntos ou enclaves de interese público. Di que nos últimos 30 anos non se realizaron traballos de limpeza ou desbroce o que sumado ao escaso tráfico que ostenta propiciou a invasión do camiño con vexetación. Alega o carácter privado do camiño e que non concorren razóns de interese xeral para abrirse ao uso público.
- JAGG, presenta escritura pública de data 26/04/2018. Segundo o seu escrito, é titular de catro fincas con referencias catastrais 15071A041012630000YW (identificada na escritura como prado Mourela; linda este: camiño), 15071A041001190000YI (identificada na escritura como prado Mourela; linda oeste: camiño), 15071A041001140000YO (identificada na escritura como terreo rústico destinado a campón nombrado “Casanova de Arriba”; linda oeste camiño serventío do vecindario) e da parcela con referencia catastral 15071A041012700000YG, que non figura na escritura presentada no concello. Formula as mesmas alegacións que a anterior veciña, se ben engade que “no título de propiedade da parcela 114, a parcela é descrita na zona que limita co camiño en investigación de titularidade da seguinte maneira: “oeste, camiño de serventío do vecindario”. Ademais, recolle un escrito de aclaracións no que indica que se nega a que a corre道ira pase a ser pública, se ben recoñece que “parte desta corre道ira era peatonal para uso dos veciños da Mourela para ir a lavar a roupa a un lavadero que xa non existe hai máis de 30 anos”.
- JLGC é titular das parcelas con referencia catastral 15071A041001080000YT e colindante; aporta escritura de propiedade de data 13/03/2019 da que se deriva que as fincas Terreo a matorral nomeadas como Mourela ou Fernando Pillo e Fernando Pillo lindan con camiño no leste e oeste (corre道ira da Casanova). Formula as mesmas alegacións que os anteriores veciños.
- Incorporáronse a este expediente, por ter vinculación co seu contido, os seguintes informes:

- Informes da empresa INCOSA presentados o día 29/07/2022 (RE núm. 202299900002176) e 09/09/2022 (RE núm. 202299900002612), relativo a solicitude de inclusión no inventario de bens do concello presentada por MCBR; propónse a incorporación ao catálogo de camiños públicos o camiño identificado coa referencia catastral 15071A041090070000YF á vista dun informe da policía local de data 10/04/2022 e coa superposición da cartografía actual co arquivo histórico catastral.
- Informe do arquitecto municipal, emitido a instancia da interesada, en data 10/11/2021, relativo a que o camiño non está incluído no inventario de camiños municipais do concello das Pontes.
- Informe da Policía Local de data 10/04/2022. Reflicte o conflito veciñal respecto do camiño.
- No expediente tamén figuran os informes de data 05/06/2023 e 06/06/2023 do arquitecto do concello no que conclúe que tanto no voo da cartografía das NNSS como do voo americano non aparecen textos que especifiquen nin que describan camiños existentes públicos ou non. No voo das Normas de 1985 como no voo Americano de 1956-1957 tan só pode observarse unha liña de árbores coincidente coa referencia catastral nº 15071A041090070000YF sobre a que se solicita o presente informe. A parcela con referencia catastral nº 15071A041090070000YF non aparece no inventario vixente de camiños públicos do Concello de As Pontes. Na cartografía das Normas Subsidiarias, se recolle, na ubicación aproximada da referencia catastral, unha liña de puntos (marcados con unha frecha vermella), que aparenta unha senda. Se descoñece a titularidade ou natureza xurídica da mesma. Os efectos, se informa que o servizo técnico de urbanismo carece de datos sobre as titularidades das propiedades tanto públicas como privadas. En conclusión, cos datos obrantes no servizo técnico de urbanismo, resulta imposible certificar si a parcela con ref. Catastral nº 15071A041090070000YF atópase recollida como camiño na cartografía antiga nin a titularidade do mesmo, tal e como solicita a secretaria municipal.
- O día 05/10/2023, a secretaria municipal visitou o camiño en cuestión e obtivo diversas fotografías; obsérvanse en diversos tramos o que debía ser un muro de contención do camiño, se ben a día de hoxe cuberto de vexetación e maleza; no acceso dende a estrada municipal conservase o muro a ambos lados, con marcas do que podería ser para pasos de carros.
  - O día 17/10/2023 (RS núm. 202390000000568), solicitouse ao Distrito Forestal de Ferrol informe sobre o feito de terse realizado algún tipo de mantemento neste camiño por parte dos axentes forestais da Xunta de Galicia.
  - O día 19/12/2023 (RE núm. 2023900000003113), recíbese no concello un escrito do distrito no que se di que “Non se ten constancia neste distrito da realización de tarefas de mantemento ou limpeza por parte do persoal do distrito no camiño citado. A presenza dos axentes facultativos ambientais na zona, tal e como manifestan os veciños, pode ser debida ás propias labores de inspección previa que realizan os axentes por solicitudes de diverso tipo realizadas polos propietarios particulares”.
  - A secretaria municipal emite informe xurídico o día 27/12/2023. No informe conclúese o seguinte: “CONCLUSIÓN  
Unha vez tramitado o expediente de investigación, resulta o seguinte:
    - Existen signos materiais da existencia dun camiño, que transcorre delimitado polos muros das fincas as que da acceso e por árbores de certa corpulencia pola zona que semella a cabeceira das parcelas; o camiño é independente das fincas que con el lindan.

- O camiño carece de asfalto nin pavimentación; carece de calquera clase de servizo (iluminación pública ou calquera outro tipo de subministración); non consta a orixe da construción do camiño por parte do concello, ou doutra administración nin a súa conservación ou mantemento nin por parte do concello nin por parte do distrito forestal.
- O camiño está en desuso non sendo posible transitar ao longo del.
- En canto ao uso por terceiros alleos aos donos das fincas as que da servizo, sen poñerse en cuestión as declaracións dalgúns veciños, non consta que se realizase en virtude de título de natureza pública nin que tal uso non se fixera pola mera tolerancia ou solidariedade dos titulares dos predios para os seus veciños; no expediente recolléronse manifestacións de persoas que din que polo camiño subía a máquina de mallar e que servía de unión con Casanova, Badón e Momán. Á vista do inicio do camiño nunha estrada hoxe de titularidade provincial, así como a súa configuración na cartografía antiga, dubídase deste uso de xeito permanente, e que fora utilizado por persoas alleas aos predios colindantes. Xa no voo americano do ano 1956/1957 figura a vía principal que, presumiblemente, sería a vía de enlace con Badón e Momán, hoxe, a estrada DP 7011.

O voo americano do ano 1956 é unha foto aérea que reflicte calquera tipo de paso pero non proba a súa titularidade. Neste caso nin sequera semella existir ningún camiño máis aló dunha liña de árbores como tantas outras do rural. O camiño non se reflicte na cartografía das NNSS.

- Varias parcelas que se servirían polo camiño en cuestión, carecen de acceso a camiño público, tanto ao viario da DP 7011 (así ocorre coas parcelas 105, 1263 e 1264) como ao vial municipal 0257 (parcela 122) co que é posible a existencia da serventía para facilitar a tales parcelas o acceso a vial público. En sentido contrario, e de acordo coas sentenzas citadas neste informe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (24 de xuño de 1997, 24 de xaneiro de 2006, 25 de xuño de 2005 ou 18 de decembro de 2009) non é obstáculo para apreciar a existencia dunha serventía o feito de que algunha das fincas as que da servizo teña outra saída a camiño público.
- Respecto dos títulos de propiedade incorporados ao expediente, so unha escritura de data 25/09/2000, sinala que linda con camiño público, a parcela denominada “Herbal da Mourela”. O resto de títulos indican que linda con “camiño”, unha con “camiño serventío do vecindario” e noutras denomínase como Corredoira da Casanova. Esta circunstancia concorre nas parcelas 15071A041012670000YG, 15071A041012630000YW, 15071A041001190000YI, 15071A041001140000YO, 15071A041012700000YG, 15071A041012700000YG; 15071A041001080000YT e colindante. Por outra banda, o feito de que nos títulos de propiedade se conteña entre os lindes un “camiño”, este non necesariamente ten que ter carácter público; pola contra, a Lei de Dereito Civil de Galicia, considera como un dos supostos nos que se presume a existencia dunha serventía cando “*el camino aparece referido como colindante en los títulos de las fincas que se sirven por él*” (artigo 78 LDCG).
- No informe da Policía Local de data 10/04/2022, realizado con motivo do achádego de cámaras de vixilancia no camiño, dérivase un enfrontamento entre veciños, en particular, entre a promotora do expediente e JAGG, cuxas parcelas son lindantes; así, a promotora do expediente maniféstalle ao axente os “*perjuicios que en su opinión le está causando un vecino con el que viene manteniendo una serie de desavenencias relacionadas con diversas propiedades de terreno y, en esta ocasión, referidas con el citado camino...porque el camino citado es servidumbre hacia unas propiedades suyas o de su familiar ubicadas en las inmediaciones del lugar*”. Son máis que evidentes as discrepancias entre a promotora deste expediente co titular da finca colindante coas súas parcelas, o que fai pensar que se acuda ao concello para resolver un conflito entre veciños.
- No informe da Policía Local reflíctense dúas testemuñas; unha, dunha persoa nacida no ano 1930, que afirma que “*el camino lo recuerda desde siempre, por donde pasaban*

*antiguamente los lugareños con los carros de vacas para servirse en sus propiedades". Outra testemuña, doutra persoa nada no ano 1951, di que "lleva mas de cincuenta años residiendo en el lugar y que el camino siempre fue de paso público y que incluso en las escrituras de una de sus fincas figura como testante dicho camino. Añade que, a su suegra, con actualmente noventa y dos años, siempre le oyó decir que ese camino era público; que pasaba la gente para los lugares cercanos y que para los trabajos agrícolas se servía todo el mundo por el mismo". Estas testemuñas tampouco acreditan un paso público e indubitado polo camiño, senón, máis ben, un uso consentido para o desenvolvemento de labores agrícolas.*

- O único indicio que restaría sería o informe que realizou a empresa INCOSA (que reflicte un mapa catastral antigo no que un trozo do camiño estaría considerado como vial público) e a titularidade pública a día de hoxe no catastro (xa se explicou con anterioridade a finalidade do catastro).

Unha vez analizado o conxunto de probas achegadas ao expediente, non permiten a esta Secretaría desvirtuar a presunción legal prevista no artigo 78 da Lei de dereito civil de Galicia, de que o citado camiño ten a natureza de serventía; esta lei contempla como institución foral, unha vía de tránsito denominada serventía que defínese polo seu carácter privado e a súa división en cotas; dada a súa difícil constitución negocial a LDCG reflicte unha serie de presuncións que foron completadas por parte da xurisprudencia; tales indicios concorren neste expediente (non consta o dominio do camiño; nos títulos de propiedade descríbese o camiño como lindeiro; o camiño está delimitado por signos físicos, un muro, que o independiza das fincas lindantes...), e levan a concluír a existencia dunha serventía ou camiño privado entre terreos de propiedade particular.

En calquera caso, os tribunais da orde civil poderán valorar o acto administrativo que poña fin a este expediente de investigación o cal non vincula a tales tribunais respecto da decisión a tomar sobre a propiedade do camiño. A decisión municipal en canto á titularidade do camiño non ten o carácter de cousa xulgada podendo as persoas interesadas en facer valer a titularidade publica do camiño exercer unha acción declarativa de dominio.

O órgano competente para resolver este expediente é o Pleno do concello ao abeiro do artigo 34 do RBEL.

Este informe emítese sen prexuízo de outro mellor fundado e do que se estime pertinente resolver."

O ditame baséase nos seguintes fundamentos xurídicos:

#### PRIMEIRO. Potestade de investigación

O artigo 4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, sinala que "1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponde en todo caso a los Municipios, las Provincias y las Islas: ... d) Las potestades expropiatoria y de investigación, deslinde y recuperación de oficio de sus bienes".

Os artigos 44 e seguintes do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, contempla a facultade de investigación e o seu exercicio.

En Sentenza do TSX de Castilla La Mancha 1431/2020, razónase que "La presunción de la propiedad como presupuesto de la facultad de investigación ha de delimitarse desde varios puntos de vista. En primer lugar, hay que señalar que esta presunción ha de ser indiciaria no exigiéndose, por lo tanto, una prueba completa o acabada de la que se pueda deducir la titularidad municipal del bien o derecho dado que ello se debe de procurar durante la instrucción del procedimiento, pero no en el momento de iniciar el mismo. En ese momento basta con que existan indicios razonables sobre la titularidad municipal del bien o derecho objeto del ejercicio de la facultad sin que esta titularidad



conste. Esta facultad, desde un punto de vista positivo y, en segundo lugar, debe de ejercerse sobre aquellos bienes que se presuman de titularidad municipal sin que, por lo tanto, pueda extenderse a decidir la titularidad de bienes de particulares o de otros entes públicos sobre los que el ente municipal carece de toda presunción razonable de titularidad. En definitiva, la facultad de investigación ha de proyectarse sobre bienes de titularidad desconocida pero presumiblemente municipales. La facultad de investigación, desde un punto de vista negativo y, en tercer lugar, no puede ejercitarse respecto a bienes que, en el momento de iniciar el procedimiento ya son de titularidad conocida existiendo constancia de ello en los Registros Públicos o en la documentación que conste en los archivos municipales. Cuando esto ocurre, es decir cuando hay constancia de que hay un tercero titular del bien objeto de investigación, lo que procede, si el Ayuntamiento cree tener un derecho de propiedad sobre el citado bien, es acudir a los Tribunales Ordinarios para que sean éstos los que decidan sobre la titularidad dudosa”.

#### SEGUNDO. Inventario de camiños e titularidade pública

No fundamento cuarto da Sentenza da sala do contencioso do TSX das Illas Baleares, nº 97/2019, do 14 de febreiro, contense a seguinte doutrina sobre os inventarios municipais de camiños de uso público:

*CUARTO. Doctrina general en materia de Inventarios municipales de caminos de uso público.*

*Con carácter previo a analizar las circunstancias del caso, interesa efectuar las siguientes precisiones:*

*1º) El Inventario de Bienes contemplado en el art. 17, 1º del RD 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, es un mero registro administrativo que por sí solo no prueba, ni crea, ni constituye derecho alguno a favor de la Corporación (SSTS 9 junio 1978; 28 abril 1989; 23 enero 1996, entre otras). De aquí se deduce que la inclusión en el Inventario no representa la última palabra en cuanto a la propiedad del bien incluido.*

*Por tanto, la inclusión de un camino en el Inventario no impide discutir sobre su titularidad ante los órganos del orden jurisdiccional civil, según se desprende de los artículos 1.1 LJCA; 22.1 LOPJ; 36.1 LEC y SSTS 16 junio 1988, 28 abril, 9 mayo y 23 noviembre 1989; 19 septiembre 1990; 4 enero y 2 julio 1991; 4 julio 1996, y otras muchas.*

*Pero que un camino no éste incluido en el Inventario, no significa que no lo sea de dominio público. La STS de 21 de mayo de 2008 (Rec. 28/2004) ya advierte que "ningún precepto del Texto Refundido de las Disposiciones Legales Vigentes en materia de Régimen Local ( R.D.L. 781/86, de 18 de Abril), ni del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales de 13 de Junio de 1986 (artículos 17 a 36), permite concluir que el Inventario tenga efectos constitutivos para el dominio público, de forma que sólo los bienes incluidos en él lo sean, o que sólo mediante su inclusión en él pueda probarse su condición de tales".*

*2º) Si a la Administración municipal le consta que un camino lo es de uso público, debe incluirlo en el Inventario municipal de bienes si de la investigación desarrollada al respecto llega a la conclusión que el bien lo es de uso público (STS 10-12-2001). Esta actuación administrativa, que deriva del derecho que asiste a las Corporaciones Locales para investigar, deslindar y recuperar la posesión de los caminos -como bienes de uso público regulados en el artículo 74 de la Ley de*

*Régimen Local - está sujeta al control de la jurisdicción contencioso-administrativa, que no se pronunciará con carácter definitivo sobre la titularidad de los bienes, sino sobre la corrección de su inclusión en un registro administrativo.*

*Así pues, a este orden jurisdiccional le corresponde examinar si se han aplicado correctamente las facultades de orden recuperatorio, tanto en el aspecto formal o procedimental como en el de fondo, por concurrir "prima facie" las circunstancias que califican como bienes de dominio público los que han sido objeto de la actividad antedicha.*

*Obviamente, será inevitable que en la jurisdicción contencioso-administrativa se examinen algunos elementos indiciarios o pruebas que son los que luego entrarán en juego para discutir la titularidad de los bienes, pero lo relevante es que dicha decisión no prejuzga la que haya de adoptarse, con carácter definitivo, en el orden jurisdiccional civil”.*

### TERCEIRO. Rexistro da Propiedade e Catastro

En canto ás relacións entre o Rexistro da Propiedade e o Catastro Inmobiliario, debe lembrarse que este último é, de acordo co artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do catastro inmobiliario, “un registro administrativo dependiente del Ministerio de Hacienda en el que se describen los bienes inmuebles rústicos, urbanos y de características especiales tal y como se definen en esta ley”; que o disposto na Lei do Catastro, de acordo co seu artigo 2.2, “se entenderá sin perjuicio de las competencias y funciones del Registro de la Propiedad y de los efectos jurídicos sustantivos derivados de la inscripción de los inmuebles en dicho registro”; e que, segundo o artigo 9.4 do mesmo texto refundido, “4. En caso de discrepancia entre el titular catastral y el del correspondiente derecho según el Registro de la Propiedad sobre fincas respecto de las cuales conste la referencia catastral en dicho registro, se tomará en cuenta, a los efectos del Catastro, la titularidad que resulte de aquél, salvo que la fecha del documento por el que se produce la incorporación al Catastro sea posterior a la del título inscrito en el Registro de la Propiedad”.

A titularidade dun ben determinado no catastro, non ten efectos xurídicos acreditativos da propiedade do mesmo, e supón unicamente unha presunción administrativa, que non legal, respecto daquel dereito, e só un indicio máis, entre outros, a ter en conta naqueles procedementos dirixidos a dilucidar a titularidade dun ben. Así o indica o artigo 3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, ao dispor que os datos da descrición catastral dos inmobles, entre eles o titular catastral, presúmense certos “salvo prueba en contrario y sin perjuicio del Registro de la Propiedad, cuyos pronunciamientos jurídicos prevalecerán”.

Da mesma maneira, a inscrición no inventario de bens e dereitos do Concello, tampouco é determinante da propiedade municipal do mesmo. Neste sentido, o Tribunal Supremo na súa Sentenza do 9 de xuño de 1978 e máis concretamente no antecedente de feito segundo, ao reproducir o fallo da Sentenza apelada, declara que o Inventario é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba, nin crea nin constitúe dereito algún a favor da Corporación, sendo máis ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden.

### CUARTO. Lei de dereito civil de Galicia

Os artigos 76 e seguintes da Lei 02/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, regulan as serventías. Tales serventías defínense como *“La serventía es el paso o camino privado de titularidad común y sin asignación de cuotas, cualquiera que sea lo que cada uno de los usuarios o causantes hubiera cedido para su constitución, que se encuentra establecido sobre la propiedad no exclusiva de los colindantes y que tienen derecho a usar, disfrutar y poseer en común a efectos de paso y servicio de los predios”*.

O artigo 78 da LDCG presume a existencia dunha serventía, entre outros supostos, cando *“3º el camino aparece referido como colindante en los títulos de las fincas que se sirven por él. 4.º Cuando el paso o camino es usado por los colindantes para acceder a sus fincas situadas sin otra salida a camino público”*.

De acordo coa Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (STSXG), do 18 de decembro de 2009, *“Su origen se encuentra en un negocio jurídico multilateral expreso o tácito, que en la mayoría de los casos, por no decir en la totalidad, no está documentado y se pierde en la noche de los tiempos, pero cuya realidad no puede desconocerse en modo alguno si existen signos evidentes de su existencia presente o pretérita, de realidad física y su utilización más o menos periódica”*. Nesta falta de carácter negocial das serventías afonda a doutrina do TSXG que se reflicte, por exemplo, na Sentenza da Audiencia Provincial de Ourense, de data 18/01/2023 recurso 278/2022 Nº de Resolución: 20/2023, en cuxo fundamento xurídico segundo razoa *“Se admite así concluir por exclusión la existencia de serventía, cuando el paso se efectúa por un terreno que no tenga carácter público y del que no conste el dominio o la identidad individualizada de los que lo utilizan. Así la sentencia del TSJG de 29 de marzo de 2017 declara: " (...) en la sentencia de 11 de marzo 2013 con cita de otras sobre la misma cuestión, ya nos referíamos a no ser exigible la constitución negocial de la serventía en los siguientes términos: "En orden a esa referencia a la cesión documentada o negocio jurídico que diera lugar a la constitución de la serventía, es ya muy reiterada la jurisprudencia de esta Sala, bien precisada en la sentencia de instancia con la cita de nuestras sentencias de 20 de mayo 2004, 21 de junio 2005 y 31 de marzo 2010, entre otras, en las que se venía a considerar la existencia de la serventía en general por exclusión (lo es el paso que se efectúa sobre un terreno que no tenga carácter público y del que no conste el dominio o la identidad individualizada de los que lo utilizan) y en función de las circunstancias fácticas concurrentes sin la necesidad de la plena acreditación de su constitución negocial - ciertamente infrecuente y difícilmente imaginable en el contexto jurídico vulgar gallego - (STSJG 31 de marzo 2010); siendo suficiente su inferencia de la mención del camino o servicio al describirse los linderos en los títulos de propiedad de las fincas colindantes, o el estado físico de las fincas y del propio camino cuando aquellas aparezcan enclavadas este se presente delimitado mediante signos físicos (vallas, setos, muros, etc.), que evidencian claramente la separación entre el terreno ocupado por el mismo y el terreno de la finca del que se segregó, y su uso para una pluralidad de fincas (STSJG de 20 de mayo de 2004); o deducida de la configuración física, esto es, el consistir en un camino entremurado independizado de las fincas que con él lindan, unida a la pluralidad de usuarios que del mismo se sirven como terreno de paso común reiterada y continuamente en el tiempo, lo que vienen a constituir hechos suficientemente ilustrativos de la caracterización tipificadamente coincidente con las notas constitutivas de la serventía (STSJG de 21 de junio 2005 con cita de las de 17 de noviembre 1997 18 de septiembre 2002)”*.

De acordo coas STSXG 24 de xaneiro de 2006, STSXG 25 de xuño de 2005, STSXG 18 de decembro de 2009, *“desde la STSXG 9/1997, de 24 de junio, venimos resaltando que todos los dueños de las fincas lindantes con un camino de serventía tienen derecho a ejercitar el paso sin que sea óbice a su reconocimiento que alguna pueda tener otra salida a camino público y ello porque es perfectamente posible la constitución de la serventía para una mayor comodidad de acceso y mejor”*. É dicir, non é obstáculo para apreciar a existencia dunha serventía que algunha das fincas as que da servizo teña outra saída a camiño público.

A xurisprudencia veu sinalando un requisito/presunción da serventía que non recolle o artigo 78 da LDCG, o consistir nun camiño entremurado, independizado das fincas que con el lindan (STSJG 21 de junio de 2005: *“En conclusión, la configuración física del camino, extramuros de las fincas que con él lindan e independiente de las mismas, unida a la pluralidad de los usuarios que del mismo se sirven como terreno de paso común reiterada y continuamente en el tiempo, constituyen hechos que tradicionalmente se han venido entendiendo como suficientes a los efectos de afirmar la existencia de una serventía. Pero, a mayor abundamiento, el art. 78 de la Ley 2/06, de 14 de junio, establece la presunción de que estamos ante una serventía cuando "el camino aparece referido como colindante en los títulos de las fincas que se sirven por él" (apartado 3º) y "cuando el paso o camino es usado por los colindantes para acceder a sus fincas situadas sin otra salida a camino público" (apartado 4º), notas ambas sobre cuya concurrencia en el supuesto enjuiciado no resta la menor duda”*); en varios tramos, el camiño aparece amurallado con cerrres muy antiguos y en otros limitado por árboles de certa corpulencia ([AP Pontevedra 1 de febreiro de 2007, REC. 826/2006](#)); el camiño discurre encajonado entre los muros de las fincas a las que da acceso, por las cabeceras de las mismas ([AP Pontevedra 1 de febreiro de 2007, REC. 826/2006](#)).

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados e conforme ao previsto no artigo 53 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e no artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o Pleno do concello, por maioría absoluta, con sete votos a favor (PSdeG-PSOE) e seis abstencións (4 BNG e 2 PP), acadou o seguinte acordo:

- 1º) Resolver o expediente de investigación relativo ao camiño con referencia catastral número 15071A041090070000YF, e declarar que tal camiño non é de titularidade pública ao non existir probas suficientes que sosteñan esa titularidade así como denegar a súa inscrición no inventario de camiños do concello.
- 2º) Requerir da Dirección Xeral do Catastro para que modifique a referencia do catastro do camiño ao carecer de natureza pública.
- 3º) Comunicar ás persoas interesadas que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de

reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado n.º 1 de Ferrol.

Maila o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ferrol.

Así mesmo, poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

En particular, os tribunais da orde civil poderán valorar o acto administrativo que pon fin a este expediente de investigación o cal non vincula a tales tribunais respecto da decisión a tomar sobre a propiedade do camiño.

- 4º) Notificar este acordo no prazo de dez días hábiles dende a súa data a todas as persoas interesadas nel (a promovente e as persoas que formularon alegacións).
- 5º) Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para os efectos oportunos.

#### **4.- APROBAR A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE ACTAS AUDIOVISUAIS NO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

O presidente da sesión da conta do ditame da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deportes e Promoción Económica do día 05/01/2024.

No expediente con referencia 2023/G006/000018, consta a proposta que asina a concelleira delegada especial da Área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías Lorena Tenreiro Blanco, en data 28/11/2023. Na proposta figuran os antecedentes de feito, con xustificación da necesidade de implantación da acta audiovisual, e os fundamentos de dereito oportunos.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes contidos na proposta e do regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, que xeneralizan o emprego de medios electrónicos; o artigo 52 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como o artigo 2 apartados 1, 2 e 4 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes na sesión, trece, acadou o seguinte acordo:

- 1º) Aprobar a implantación do sistema de actas audiovisuais, de xeito que se incorpore o arquivo audiovisual na elaboración das actas das sesións do Pleno do concello. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedita pola secretaría da súa autenticidade e integridade, incorporárase á acta da sesión,

sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións. Si se incorporarán á acta os rogos e preguntas.

- 2º) A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión será un documento electrónico e multimedia que conterá como mínimo:
- a. A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se for o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
  - b. A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.
  - c. Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

O contido íntegro do vídeo da sesión, xunto coa acta e orde do día poderá ser visualizado en calquera momento pola cidadanía na sede electrónica do concello das Pontes, na dirección [sede.aspontes.org](http://sede.aspontes.org). Asemade, en aras de garantir unha maior participación cidadá o concello poderá retransmitir, en directo u diferido, as sesións do Pleno a través da páxina web municipal ou por outro medio de comunicación.

As actas almacenaranse en formato electrónico nos sistemas que soportan a tramitación electrónica do concello das Pontes.

- 1º) Publicar este acordo no taboleiro de edictos municipal e no portal de transparencia a efectos do seu público coñecemento.

## **5.- MOCIÓNS**

O presidente da sesión, de acordo co artigo 91.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dá conta das seguintes mocións:

**1.- Moción para a demanda da concesión de auga para a Transición Xusta Nas Pontes**, que presentou o grupo municipal do BNG o día 05/01/2024 (RE núm. 20249990000074). O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

A xestión da auga depende dos límites territoriais das bacías dos ríos, diferenciando entre as inter-comunitarias ou que afectan a varias Comunidades e/ou a outros Estados, xestionadas polas Confederacións Hidrolóxicas, e as intra-comunitarias ou situadas na súa totalidade dentro dunha Comunidade Autónoma e que, polo tanto, son competencia da mesma; no caso de Galiza, as bacías agrúpanse na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, xestionada por Augas de Galiza, que asume a administración hidráulica galega e desenvolve todas as súas competencias, reflectidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galiza, entre elas a xestión dos usos e aproveitamentos hidráulicos.

A Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa divídese en 19 zonas ou sistemas de explotación (SE), cada un deles cun río principal e o seu conxunto de afluentes; o SE 13 é o denominado como “Río Eume e Ría de Ares”.

Doutra banda, o Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación dos parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e que responde ao proceso de cesamento da actividade das centrais de xeración térmica, modificou o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, ao introducir a disposición adicional décimo sexta (Concesións de Auga para Transición Xusta), que establece que “Cando se extinga unha concesión ... por peche de instalacións de carbón ou de enerxía térmica termonuclear, poderá acordarse o outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga a novas iniciativas e proxectos no ámbito xeográfico onde se atopaba a instalación ... para a que ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais ... Para estes efectos, os usos das augas previstos en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecida nos plans hidrolóxicos de bacía ou, no seu defecto, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, con excepción do aproveitamento para abastecer á poboación, que sempre será unha prioridade”. O texto está en vigor dende o 24 de novembro de 2019, e o “mantemento do acceso ao recurso hídrico” en virtude da citada modificación reflíctese como unha “Oportunidade” no documento de “Caracterización e Diagnóstico” do Convenio de Transición Xusta das Pontes elaborado polo Instituto de Transición Xusta en novembro de 2021.

O pasado 19 de agosto publicouse no BOE a Resolución do 10 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Política Enerxía e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que autoriza a Endesa Generación S.A., ao peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes.

O informe de Augas de Galiza no procedemento ambiental da DIA do proxecto para o desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da Central Termoeléctrica das Pontes, afirma que “Consultado o Libro de Rexistro, e salvo erro ou omisión, figura na zona de actuación unha inscrición do código E-1262A-C, a nome do titular da instalación, resultante de cambio de titularidade da matrícula E-1262-C, a nome de EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO S.A., a favor de EMPRESA NACIONAL DE ELECTRICIDAD S.A., referíndose a un QMI de 2.560 l/s para refrixeración, alimentación de caldeiras e usos complementarios da planta térmica”. Tamén lembra o meritado informe que “O artigo 161.1 do RDPH establece que as concesións poderán ser declaradas caducadas polo incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos previstos nel. Ademais, segundo o artigo 162.1, as concesións extinguíranse por vencemento do prazo, por caducidade, expropiación forzosa ou renuncia do concesionario. O proxecto de desmantelamento da UPT das Pontes supón unha modificación da condicións esenciais das citadas concesións outorgadas ao promotor, polo tanto, de acordo cos citados preceptos, poderán ser iniciados, de oficio ou por instancia de parte, os correspondentes expedientes de extinción das citadas concesións que se tramitarán de conformidade cos artigos 163 e seguintes do RDPH”.

O Servizo Territorial da Zona Galicia Norte de Augas de Galiza, en cumprimento do disposto no artigo 109 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, publicou o 6 de xullo de 2023 no BOP da Coruña un anuncio polo que se sometían a información pública, no trámite de competencia de proxectos, as peticións de concesión de augas superficiais procedentes do lago das Pontes, para uso industrial, realizadas por Sentury Tire Spain S.L.U., H2Pole S.L., e Ence, promotoras de Proxectos de Interese Estratéxico, por un caudal

medio total duns 92,838 l/s, o que supón un 4% (6% en termos de caudal instantáneo) da meritada concesión da Central Termoeléctrica.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Político Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

#### ACORDO

1.º Demandar da Xunta o inicio, de oficio, do expediente para a extinción da concesión no río Eume correspondente á Central Termoeléctrica de Endesa nas Pontes co código E-1262A-C, e do procedemento de outorgamento dunha nova concesión para o uso exclusivo da auga, no mesmo punto de captación, a novas iniciativas e proxectos que pretendan instalarse no concello das Pontes, ponderando criterios económicos, sociais e ambientais, coa referencia, documental e procesual, do Concurso do Nó de Transición Xusta Mudéjar 400 kV, en Andorra (Teruel), actuacións que deberán ser motivo dunha convocatoria previa, con carácter de urxencia, da Mesa para o Impulso da Actividade Económica nas Pontes.

2.º Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

O texto da moción, coas engádegas que tras o debate engadíronse a instancias da concelleira do PP, rexeitase con sete votos en contra do PSdeG-PSOE e seis votos a favor do BNG (4) e PP (2).

**2.- Moción para promover un novo plan de desenvolvemento económico-industrial para As Pontes**, que presentou o grupo municipal do BNG o día 05/01/2024 (RE núm. 202499900000075). O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

Plan de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes 1997-2012

Impacto Socioeconómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética (marzo 2021)

O GPM do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

#### ACORDO

1.º Demandar da Xunta e de Endesa a sinatura dun novo plan coa finalidade de facilitar e favorecer a creación de empresas e a diversificación do tecido produtivo nas Pontes, para minimizar e absorber os efectos negativos do remate definitivo da actividade do complexo mineiro-eléctrico de Endesa, coa referencia e actualización do Plan de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes 1997-2012, e coa convocatoria, previa e urxente, da Mesa para o Impulso da Actividade Económica nas Pontes.

2.º Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.”

Tras o debate pertinente, a moción é aprobada con once votos a favor (7 do PSdeG-PSOE e 4 do BNG) e un voto en contra do PP.

Sae do salón de Plenos o alcalde, Valentín González Formoso, asumindo a presidencia da sesión o primeiro tenente de alcalde Antonio Alonso Román.

**3.- Moción para un remate ordenado e programado da actividade do complexo mineiro-eléctricos de Endesa nas Pontes**, que presentou o grupo municipal do BNG o día 05/01/2024 (RE núm. 202499900000076). A moción retírase previo o compromiso de debatela nunha reunión o venres 19/01/2024 ás 09 horas.



**4.- Moción para impulsar a aprobación da relación de postos de traballo do concello das Pontes de García Rodríguez**, que presentou o grupo municipal do PP o día 06/01/2024 (RE núm. 202499900000076). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Acordo de ratificación de proposta de RPT da Asemblea de traballadores do Concello de As Pontes de García Rodríguez do martes 17 de Outubro de 2023.

Articulo 22 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte ACORDO:

1-. Instar ao Alcalde do Concello das Pontes de García Rodríguez, en base ao mencionado acordo e a normativa de desenvolvemento das competencias municipais, que se presente ao Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez con anterioridade a finalización do primeiro trimestre do 2024 para o seu debate e aprobación polo mesmo”.

Tras o debate pertinente, a moción é aprobada por unanimidade, 12 concelleiros e concelleiras (6 do PSdeG-PSOE, 4 do BNG e 1 do PP), coa seguinte modificación:

1-. Instar ao Alcalde do Concello das Pontes de García Rodríguez, en base ao mencionado acordo e a normativa de desenvolvemento das competencias municipais, que se presente ao Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez á maior brevidade posible para o seu debate e aprobación polo mesmo.

**5.- Moción para solicitar a convocatoria do Comité de crise das Pontes**, que presentou o grupo municipal do PP o día 06/01/2024 (RE núm. 202499900000082). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Na anterior lexislatura 2019-2019 ante o inminente peche da Central Térmica de Endesa creouse ca participación de todos os axentes sociais , grupos políticos municipais e sindicatos o Comité de Crise de As Pontes.

Unha vez concretado ese Peche por parte do Goberno Central mediante Resolución do 10 de Agosto de 2023 , compre recuperar o traballo de todos os axentes implicados a nivel local como xa teñen manifestado parte dos seus integrantes

Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

1-. Instar ao Alcalde do Concello das Pontes de García Rodríguez a convocatoria regular do Comité de Crise de As Pontes, así como, dar traslado da mesma a Consellería de Industria da Xunta de Galicia e o MITECO.”

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada; a moción obtén seis votos a favor (4 do BNG e 2 do PP) e seis votos en contra (PSdeG-PSOE); tras unha segunda votación co mesmo resultado, a moción rexeitase co voto de calidade do presidente da sesión.

**6.- Moción para impulsar a participación dos grupos municipais na radio televisión local**, que presentou o grupo municipal do PP o día 06/01/2024 (RE núm. 202499900000080). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Con data 11 de novembro de 1989 se creou Radio Eume en As Pontes, a emisora local de Radio e Televisión. Tratándose do medio que utilizan os nosos veciños, sobre todo os máis maiores, constitúe o medio axeitado para facer chegar as propostas dos grupos municipais e a súa valoración do desenvolvemento das políticas no eido local.

Artículo 22 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local. Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte ACORDO

1-. Instar a Concelleira responsable de Radio e Televisión Local a creación de un espazo de comunicación para os Grupos Políticos Municipais a través da citada canle e un espazo de valoración dos plenos por parte dos portavoces unha vez finalizado os mesmos como xa se ten feito noutros tempos”.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada; a moción obtén seis votos a favor (4 do BNG e 2 do PP) e seis votos en contra (PSdeG-PSOE); tras unha segunda votación co mesmo resultado, a moción rexeitase co voto de calidade do presidente da sesión.

O grupo do BNG tiña presentado dúas mocións máis, o día 12/01/2024 (RE núm. 202499900000145 e 202499900000146).

A primeira leva por título **moción para anular a resolución de mutuo acordo do contrato coa empresa Valoriza Servizos Medioambientais S.A.** A moción retírase da orde do día ao terse solicitado unha reunión coa empresa o vindeiro luns 22/01/2024.

A segunda leva por título **moción para promover a información, a transparencia e participación veciñal nas modificacións urbanísticas en trámite**, que se presentou sen texto, polo que retirase da orde do día.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

O presidente abre a quenda de rogos e preguntas.

A voceira do Partido popular formula os seguintes:

- Está o estudo de necesidade da área deportiva do concello?
- Vaise asinar o convenio existente nese ámbito coa FEGAMP?
- Respecto das facturas de publicidade, vaise licitar este tipo de publicidade?
- Existen estudos respecto da ubicación do xeriátrico na parcela do colexio Pardo Bazán e taxación?
- Estanse a impulsar medidas para a actuación máis eficaz para axilizar a tramitación das axudas de dependencia?
- Solicitouse a compensación á Xunta de Galicia pola suba do custe/hora?
- O próximo venres haberá unha xuntanza informativa relativa ao novo crematorio. Ten a instalación o informe de gases que esixe a nova lexislación autonómica?
- Está elaborado o plan sanitario de auga do concello das Pontes?
- Que ocorre coa pista multideporte do Poboado da Magdalena?
- Os árbores do parque da Magdalena están moi secos, vaise facer algo?

A voceira e concelleiras e concelleiros do BNG formulan os seguintes rogos e preguntas

- Facilítanse carpas a comisión de festas?
- Diante da petición da empresa que presta o servizo do SAF de suba do 16% e tendo os informes emitidos porqué non se trouxo a pleno?
- Porqué a empresa dos parques actualiza o prezo sen contrato?
- Porqué a empresa de iluminación actualiza o prezo sen contrato?
- Porqué non se trouxo a Pleno o incremento do prezo dende o día 01/01/2023?
- Estase pagando a partir de decembro de 2023 as nóminas do servizo de axuda no fogar actualizadas?
- Como vai a obra de traída de auga a Merlán?
- As facturas de rexistro 719 e 720 do ano 2023 de 9075 euros cada unha por un reformado da biblioteca municipal, das que non costa o proxecto na intervención, pódese aclarar algo das facturas?
- Podemos ter acceso ao proxecto da biblioteca?
- Existen tres facturas do ano 2023 cun importe superior a 30 000 € de supervisión técnica da execución do Poboado das Veigas; o contrato menor contaba con informes desfavorables de secretaría e de intervención. Porqué se fixo contrato menor? Cal foi o criterio para a adxudicación? Podemos ter acceso á documentación? Cando se recepcionará o Poboado?
- Pódese recepcionar a obra aínda que non se axuste ao proxecto de urbanización agora?
- Respecto do pavillón existen facturas con conceptos idénticos, pódese explicar?

## REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás catorce horas e dous minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

Marina Núñez Orjales

O presidente

Antonio Alonso Román

## ARQUIVO DE VÍDEO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 17/01/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

6F942F2D41AF181DC4556116D608DAAE3FFE7DE071AC454D556C3946B5DDA596

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

A secretaria

Marina Núñez Orjales